



## ORDENANZA NÚM.: 17

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRAVÍAS E RESERVAS DE VIA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

#### **Artigo 1.-FUNDAMENTO E NATUREZA.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación **da Taxa por entradas de vehículos a través de beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase a outros similares.**

#### **Artigo 2.-FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos a través de beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras reservas análogas.

#### **Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.**

1. Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

2. Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta taxa os propietarios dos terreos e locais os que den acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, ás cotas sobre os respectivos beneficiarios.

#### **Artigo 4º.-RESPONSABLES.**

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios ou administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA.**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

#### **Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS.**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

#### **Artigo 7º.-PERCEPCIÓN.**

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuir:

-Nos servizos de retribución puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.



-Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

#### **Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN.**

-Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización.

-Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.

-Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

#### **Artigo 9º.-INGRESO.**

O pagamento desta taxa realizarase:

-Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

-Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

#### **Artigo 10º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

#### **Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN.**

-As persoas ou entidades na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

-Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de outubro de 1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

### ANEXO

#### CADRO DE TARIFAS

- Pola venda de cada placa de vado regulamentario, ..... 13,60 €uros



**Concello de**  
**SOUTOMAIOR**  
PONTEVEDRA

GARAXES:

- a) Ata 3 m.l. de reserva de entrada..... ..21,30 €/ano.
- b) Por cada m.l., ademáis dos anteriores ..... 11,20 €/ano

OUTROS:

- a) Talleres de reparación de carruaxes de toda clase e que non se adiquen a garaxe público..... 42,40 €/ano.
- b) Por reserva de vía pública para aparcamento exclusivo de carga e descarga de mercadorías ..... 3,47 €/m<sup>2</sup>/ano.

**Aprobacion definitiva** 1 de Outubro de 1998

PUBLICACION NO B.O.P. Núm.249 do 30 de Decembro de 1998

**Modificacións:**

- no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001. E aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
- no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003
- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.